



A MALETA CLIMÁTICA

MUDA O CLIMA,
MUDEMOS NÓS

A MALETA CLIMÁTICA

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), a través da súa **Biblioteca e Centro de Documentación Ambiental**, pon a disposición de todos os centros educativos unha colección de libros informativos e álbumes ilustrados sobre a temática da emerxencia climática.



As maletas nacen co obxectivo de que o alumnado de primaria comprenda a problemática do cambio climático e da crise global, coñeza os escenarios de futuro que podemos atopar se non comezamos a actuar de contado, así como as ferramentas que a cidadanía posúe para mitigalo. Porque a suma das nosas accións individuais poden repercutir de forma global na saúde do planeta!

A maleta é, por tanto, un recurso de apoio e complementario ao traballo desenvolvido nas aulas, co fin último de fomentar a reflexión e a adopción de actitudes e comportamentos positivos cara á conservación da vida na terra.

As maletas climáticas forman parte do programa 'Por unha Transición Ecolóxica' que o CEIDA desenvolve co apoio da Deputación da Coruña, e apoian os Obxectivos número 7 (Energía asequible e non contaminante), 11 (Cidades e Comunidades Sostibles), 12 (Producción e Consumo responsables) e 13 (Acción polo Clima) dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para o ano 2030 (Axenda 2030).

LIBROS QUE COMPOÑEN A MALETA CLIMÁTICA




Que teñen que ver as vacas co cambio climático?

Autoras: Marian Martínez Izquierdo e Luisa Martínez Lorenzo

Editorial: Hércules Ediciones

Ano: 2022

Sinopse: este libro explica como funciona o Planeta e por que os arrotos e os peidos das vacas contribúen ao cambio climático. Fala das consecuencias do fenómeno mais tamén proporciona instrucións sobre como activar o SUPERPODER para frear o cambio climático. E quen ten ese SUPERPODER? Pois todas as persoas que consumimos.



Desde el origen del cambio climático hasta ahora: mi primer libro de ideas para salvar el planeta

Autoras: Catherine Barr e Steve Willians

Editorial: SM

Ano: 2021

Sinopse: viaxa no tempo e descobre como cambiou o clima desde a orixe da Terra. Un primeiro libro sobre como evolucionou o noso planeta desde os primeiros signos do cambio climático ata a actualidade, cando a reciclaxe, as enerxías renovables e os pequenos xestos de cada un de nós son imprescindibles para coidar do medio ambiente.



¡Qué clima tan raro!: entender y combatir el cambio climático

Autoras: Laura Ertimo e Mari Ahokoivu

Editorial: Astronave

Ano: 2020

Sinopse: o clima cambia, por que non o facemos nós? Lotta e Kasper están cansados das evasivas dos seus pais sobre por que o clima está tan raro. Acompañaos na súa aventura para descubrir que é o que realmente sucede no mundo e que poden facer para remedialo. Un álbum que responde ás preguntas máis difíciles para nenos e nenas e dalles ferramentas para achegar o seu grao de area e lograr un mundo mellor.




O libro do clima: todo o que cómpre saber sobre o cambio climático

Autora: Esther Gonstalla

Editorial: Catro Ventos

Ano: 2020

Sinopse: seca extrema e vagas de calor, mais tamén ondadadas de frío, inundacións e precipitacións intensas: a crise climática converteuse nun problema global que ninguén pode ignorar xa. Esta obra fala do clima e do CO₂, do ser humano como axente climático e dos efectos a escala mundial, mais tamén presenta solucións e propostas de actuación para o día o día.



Cambio climático

Autoras: Yayo Herrero, María González Reyes e Berta Páramo

Editorial: Litera Libros

Ano: 2019

Sinopse: comprendemos ben que é o cambio climático?, como se produciu?, sabemos como afecta aos bosques, á auga ou aos animais?, como afecta ás persoas? E, sobre todo, sabemos que podemos facer para afrontalo?. Un libro cheo de respostas.



¿Cuánto calor es un grado más?

Autoras: Kristina Scharmacher-Schreiber e Stephanie Marian

Editorial: Lóguez

Ano: 2020

Sinopse: estarase a voltar o clima cada vez máis cálido?

Pódese sentir unha diferenza dun grao? Os nenos e nenas queren entender que significa o cambio climático. Con imaxes descritivas e textos curtos explícanse as conexións: por que hai diferentes zonas climáticas na terra? Como afecta o efecto invernadoiro? Mostra tamén como as nosas accións afectan ao clima na vida cotiá. E como todos podemos protexer a terra!



SOS Monstros verdadeiros ameazan o planeta

Autora: Marie G. Rohde

Editorial: Baía Edicións

Ano: 2020

Sinopse: os perigos actuais que ameazan a saúde do planeta son presentados nesta obra a través dunhas personaxes, con diferentes formas que visualizan claramente os efectos que

están provocando no ambiente. Hai monstros a roldar polo planeta: voan sobre a túa cabeza, viven nas profundidades do mar e mesmo se agochan nos sumidoiros. Provocan treboadas, secan ríos e lagos e escorrentan os animais. E é que estes monstros existen de verdade! Só heroes e heroínas coma ti poden derrotalos!




Mi primera guía sobre el cambio climático

Autor: José Luis Gallego

Editorial: La Galera

Ano: 2008

Sinopse: o noso planeta está ameazado: contaminación, escaseza de recursos naturais, seca... A nosa misión é colaborar para frear os síntomas da enfermidade da Terra.




123 curiosidades que todo el mundo debería conocer sobre el clima

Autora: Mathilda Masters

Editorial: Geoplaneta

Ano: 2020

Sinopse: o clima vai cambiando, sempre o fixo, pero a situación na actualidade é máis grave. A temperatura media da superficie terrestre está a aumentar a unha velocidade cada vez maior e os responsables diso somos os seres humanos. O quecemento da Terra conleva serias consecuencias. O xeo polar derrétese e cada vez hai máis tormentas. Fronte a quen afirma que non é para tanto, nesta obra hai argumentos e información para convencerlles pola contra.




Palmeras en el Polo Norte: todo lo que necesitas saber sobre el cambio climático

Autores: Marc Ter Horst e Wendy Panders

Editorial: Siruela

Ano: 2019

Sinopse: todo o mundo fala do cambio climático, pero é verdade todo o que din sobre el? Este libro fala da contaminación, de devastadores furacáns, de animais extinguidos e de osos polares; tamén de volcáns, icebergs, mamuts e científicos que pasan moito frío... en definitiva, dun fenómeno que nos afecta a toda a cidadanía e do que estamos a tempo de actuar para minimizar os seus efectos.




¿Y tú qué haces contra el cambio climático? Varias ideas prácticas y alguna extraordinaria

Autor: Joan Olivares Alfonso

Editorial: Algar

Ano: 2018

Sinopse: decididos a protexer o planeta e coa axuda da avoa Balbina, Ismael e Melisa atoparán máis de 30 receitas caseiras para afrontar o cambio climático.



El clima en 30 segundos

Autora: Jen Green

Editorial: Blume

Ano: 2016

Sinopse: aprende como se estuda o clima, explora como prognostican o tempo os científicos, aprende cuán extremo e violento pode ser o tempo meteorolóxico e descobre como nos adaptamos aos distintos climas. Repleto de divertidas e orixinais ilustracións, trátase dunha introdución perfecta ao estraño e marabilloso clima da Terra.



¿Pero qué pasa con el clima?

Autores: Ole Mathismoen e Jenny Jordahl

Editorial: Errata naturae

Ano: 2021

Sinopse: acompañanos nunha aventura na que descubrirás que é a crise climática. Por que se produce? Que é o quecemento global? Cales son as súas consecuencias? E, o que é máis importante, que podemos facer, cada un de nós, para axudar ao planeta? Un trepidante e esclarecedor viaxe polo tempo e o espazo, aos principais ecosistemas do mundo para axudarche a atopar a resposta a todas estas preguntas.




Cuentos por el clima

Autora: Magela Ronda

Editorial: Alfaguara

Ano: 2020

Sinopse: contos ilustrados sobre as persoas que máis axudaron ao medio ambiente. Un libro imprescindible para as novas xeracións. Cóntanse as historias de cen heroes, heroínas e organizacións. Coñecerás a grandes loitadores como Greta Thunberg, Berta Cáceres, Boyan Slat, Vandana Shiva, Rachel Carson ou Mozo Mendes, e descubrirás o labor de organizacións como Greenpeace, WWF ou SEO/BirdLife.




Salvamos o planeta!

Autores: Roser Ruiz Lagunas e Bruno Martínez Tabares

Editorial: Xerais

Ano: 2020

Sinopse: as clásicas preguntas e moitas máis para coñecer todos os aspectos relacionados co medio ambiente: o lixo e os desperdicios, a contaminación, o cambio climático, os plásticos, a reciclaxe, as plantas depuradoras, as casas sostibles, as accións que se poden facer para contribuír a non degradar o medio ambiente...



Tú podes salvar al mundo. 38 héroes de la tierra inspiradores y 12 retos para frenar el cambio climático

Autora: Angela Green

Editorial: Duomo

Ano: 2020

Sinopse: aprende de 38 personaxes inspiradores e convérteche ti tamén nun heroe da Terra. No libro atoparás 12 retos para achegar o teu grao de area na loita contra o cambio climático.

O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

O Centro de Documentación Ambiental e Biblioteca Verde do CEIDA é único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia.

As maletas viaxeiras non son o único servizo que ofrece aos centros de ensino galegos. Conta con máis de 28.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio para a realización de actividades de carácter ambiental ou para profundizar nos contidos recollidos nesta selección de lecturas verdes.

O equipo de bibliotecarias ofrece ademáis un servizo de búsqueda especializada de documentación ambiental, de forma que se o persoal docente está a localizar información sobre algunha materia concreta, só ten que poñerse en contacto e solicitar información.

ACCEDE AO CATÁLOGO EN LIÑA:

<https://documentacion.ceida.org>

ENDEREZO E HORARIO:

Pazo de Lóngora. Rúa Casares Quiroga, 29. Liáns (Oleiros)

Luns a xoves: 10 a 14 h., 16 a 19 h. Venres: 9 a 14 h.

CONTACTA CO PERSOAL DO CENTRO:

documentacion@ceida.org - 981 630 618